



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 27 DE SETEMBRO DE 2012.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, e D. Jesús Fernández Fernández.

INTERVENTOR XERAL

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 28 de xuño de dous mil doce, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia do Sr. Interventor, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2011.

Intervén o Sr. Alcalde para darlle a palabra á Concelleira de Facenda D^a. Covadonga Viamonte Aguiar.

Intervén a Concelleira, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para indicar que a liquidación do exercizo 2011 tiña que estar presentada o 1 de marzo de 2012 polo Interventor. Apunta que se conseguiu de prazo ata o 31 de agosto, e grazas á colaboración do interventor accidental actual e da interventora por acumulación no seu momento se logrou realizar. Sinala que esta liquidación, según os informes ten un resultado orzamentario negativo de 191.000 euros, o que significa que se gastou esta cantidade por encima do que se ingresou. Di que a liquidación xa está remitida na plataforma do Consello de Contas.

3.- APROBACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO (EXPTE. MODIF. CRÉDITO 024/2012) EN REFERENCIA Ó REAL DECRETO LEI 4/2012.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde á aprobación da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito N^o 024/2012, en referencia ó Real Decreto Lei 4/2012.

Visto o informe favorable da Intervención.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para concederlle a palabra a D^a. Covadonga Viamonte Aguiar.

Intervén D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para reseñar que a a probación deste suplemento de crédito deriva do Plan de Proveedores, que foi pagado no mes de maio. Indica que se trata das facturas que había que pagar, que xa se pagaron e que agora hai que facer unha limpeza contable, hai que aprobar as facturas que non estaban aprobadas e que xa están pagadas.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para indicir que na Comisión Informativa de Economía e Facenda se aprobou por unanimidade, e que o reparo que existía referente ás facturas do Real Decreto Lei xa foi levantado, do que teñen copia os grupos.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención coa seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 024/2012, polo que se producen nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións:

Orzamento de gastos



APLICACIÓN		DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Grupo de Programa Económica			
92901	619.01	Gastos inversión reco extra.	4.573.359,05
92901	226.99	Gastos correntes. Recoñec. Extraxudicial R.D. Le 4/2012	3.094.138,04
TOTAL			7.667.497,09

Orzamento de gastos

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	EUROS
Concepto		
91100	Préstamo RDL 4/2012	7.667.497,09
TOTAL		7.667.497,09

Segundo.- Expoñer ó público, mediante anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o citado expediente, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, que deberá resolver no prazo dun mes as reclamacións presentadas. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. Unha vez aprobada definitivamente publicarase no BOP, sendo nese intre executivo.

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

4.- APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO (EXPTE. MODIF. CRÉDITO 034/2012) PARA ALUGUERES DOS AFECTADOS DO CELEIRIÑO.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde á aprobación da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario N° 034/2012, para alugueres dos afectados do Celeiriño.

Visto o informe favorable da Intervención.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para concederlle a palabra a D^a. Covadonga Vaimonte Aguiar.

Intervén D^a. Covadonga Vaimonte Aguiar para sinalar que nos últimos anos hai no Celeiriño afectados, que son nove veciños, ós cales as súas casas se viron en ruínas por unha obra realizada cerca das mesmas, e estes veciños teñen que vivir nalgún sitio, polo que este Concello os realoxou.



Indica que este extremo non se recollía no orzamento, xa que son causas extraordinarias, polo que hai que aprobar este crédito extraordinario para seguir pagando as súas vivendas.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para apuntar que na Comisión Informativa o grupo do P.P. abstívose.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para sinalar que cando falamos de situación extraordinaria, máis de catro anos non pode considerarse situación extraordinaria, polo que despois de catro anos algo falla, cando o Concello paga os gatos orixinados por unha empresa, hai unhas dilixencias abertas, polo que votar a favor pode resultar ilegal. Sinala que se alegra de que se presentase a demanda, xa que non é sen tempo, pois anunciouse fai cinco meses.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que cando outros representaban ó P.P. se acordou que primeiro eran as persoas, e apunta que en contra do que dicía o P.P., que non se fixera ningunha actuación xudicial, na demanda van todas as accións para que non caducase. Di que hoxe se presentou a demanda non só contra INMO XERIÓN S.L., senón contra todos os que teñen que ver con esta obra. Di que lle gustaría que o P.P. dixera quen presentou a demanda contra as actuacións do Concello no xulgado de Viveiro porque di que se as presentou quen sabe, hoxe o P.P. non podería esconderse na demanda que él mesmo presentou. Di que a anterior representación do P.P. apoiou ós veciños de Viveiro e logo ás propostas ou oportunidades políticas, e ó cambiar a representación do P.P. presentouse a demanda. Apunta que a modificación de crédito para o Celeiriño deriva de que ningún podía plantexarse que había que seguir pagando, di que se non se fixeran antes accións xudiciais agora non se podería presentar a demanda, polo que ahí se constata a primeira mentira do P.P. Indica que o P.P. aínda tivo unha segunda ocultación, xa que foi o P.P. o que presentou a demanda do Celeiriño. Insiste en que primeiro son as persoas e logo o cemento, polo que se trae ó Pleno esta modificación para que as persoas podan cobrar os alugueiros en setembro, aínda dende o mes de xaneiro. Di que esta circunstancia non podía estar recollida en ningún orzamento, xa que se trata de circunstancias excepcionais.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., e 6 abstencións correspondnetes ó grupo do P.P., aprobar a proposta formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención coa seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 034/2012, polo que se producen nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións:

Estado de gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	IMPORTE
Programa Económica			
152	489	Outras transferencias afectados Celeiriño	33.000
TOTAL			33.000



Baixas en estado de gastos

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	EUROS
338.226	Gastos diversos festexos populares	33.000
TOTAL		33.000

Segundo.- Expoñer ó público, mediante anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o citado expediente, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, que deberá resolver no prazo dun mes as reclamacións presentadas. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. Unha vez aprobada definitivamente publicarase no BOP, sendo nese intre executivo.

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

5.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (EXPTE. 1/2012) REFERENTE ÁS FACTURAS CORRESPONDENTES A EJERCIZOS ANTERIORES E EINCLUIDAS NO PROCEDIMIENTO DO REAL DECRETO 4/2012.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde á aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos referente ás facturas de exercizos anteriores e incluídas no procedemento do Real Decreto Lei 4/2012.

Visto o informe favorable da Intervención.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que se trata de facturas que estaban pendentes de aprobar e que foron pagadas mediante o procedemento do Real Decreto Lei. Indica que a interventora por acumulación, no seu momento, puxo un reparo, que xa foi levantado, tras a Comisión Informativa, e do que xa se adxuntou copia. Di que se recoñeceron todas as facturas presentadas no Concello dende o ano 1993.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención coa seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2012 formado polas facturas rexistradas de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas, que se relacionan no Anexo I adxunto ó expediente, cun importe total de 7.667.497,09 euros.

Segundo.- Aplicar con cargo ó orzamento xeral do ano 2012, os créditos necesarios para a aprobación das citadas facturas nas aplicacións orzamentarias que se detallan no Anexo I,



condicionada á aprobación definitiva do expediente de créditos nº 24/2012 (que inclúe os créditos necesarios para a aprobación dos presentes gastos).

6.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (EXPTE. 2/2012) REFERENTE ÁS FACTURAS CORRESPONDENTES A EXERCIZOS ANTERIORES PROCEDENTES DE CORREOS, SOGAMA, PORTOS DE GALICIA E XACOB VARELA PUGA.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde á aprobación de recoñecemento extrajudicial de créditos referente ás facturas de exercizos anteriores procedentes de Correos, Sogama, Portos de Galicia e Xacobo Varela Puga.

Visto o informe favorable da Intervención.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que hai facturas de correos do mes de decembro. Di que o anterior Interventor, se se presentaba unha factura antes do 31 de decembro decía que era do ano seguinte e se se presentaba en xaneiro decía que era do ano anterior. Indica que no caso de Sogama trátase de ir mantendo a débeda. Respecto a Portos de Galicia sinala que se aclarará noutro punto. Polo que respecta a Xacobo Varela Puga apunta que era un procurador do cal se incorporaran as súas facturas ó procedemento do Real Decreto Lei, que non aceptou, polo que agora hai que pagarlle.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para dicir que o seu grupo vai votar en contra porque non hai orzamentos actualizados, e isto é o que obriga a recurrir a estas modificacións. Apunta que respecto ó Porto Deportivo na teoría estaba calculado para pagar o canon, non se pagou e non se sabe a onde foi o diñeiro. Respecto a Varela Puga di que se contratou para recurrir unha defensa ilegal, 30.000 euros, polo que lles parece que é dilapidar o diñeiro.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que 30.000 euros non foi a factura ilegal, di que hai que ser serio, di que a este señor, como a todos os que se lles debía aprobouse en maio pagar, e él non aceptou o procedemento do Real Decreto Lei. En canto a Portos de Galicia di que o P.P. é o que menos ten que falar, apuntando que se lle remitirá ó portavoz do grupo do P.P. a credenciais de cerca de 600.000 euros sen xustificar de cando gobernaba o P.P., e se lle adxudicaba a Turviveiro a xestión sen que Turviveiro existise. Di que ninguén é perfecto, que todos nos equivocamos, pero recorda os 16 millóns de pesetas no caso do pantalán que se ingresan nunha conta do BBVA, polo que considera que do tema do Porto Deportivo é mellor que o P.P. non diga nada. Respecto a Sogama apunta que no ano 2003 cando asumiron o goberno bipartito o Concello debía dous anos e medio a Sogama, polo que agora cos ingresos que hai vaise pagando o atrasado e débese o da actualidade.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención coa seguinte proposta de acordo:



Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2012 formado polas facturas rexistradas de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas, que se relacionan nos documentos adxuntos á presente proposta, que totalizan 281.041,14 euros.

Segundo.- Aplicar con cargo ó orzamento xeral prorrogado para o ano 2012, os créditos necesarios para a aprobación das citadas facturas na aplicación orzamentaria correspondente.

7.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE REFERENTES Ó 1º, 2º, 3º E 4º TRIMESTRE DO ANO 2010 E 1º, 2º, 3º E 4º TRIMESTRE DO ANO 2011.

Vista a remisión ó Pleno do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas referente ós informes de Intervención e Tesourería sobre morosidade correspondentes ó 1º, 2º, 3º e 4º trimestre do ano 2010 e 1º, 2º, 3º e 4º trimestre do ano 2011.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que isto tiña que terse realizado ós 60 días, polo que agora xa non cabía infomar, pero sí hai que remitir estes datos ó Ministerio.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose aprobar a proposta da Alcaldía por unanimidade:

Primeiro.- Dar conta dos referidos informes de Intervención sobre o cumprimento da Lei 15/2010, referentes ó segundo e terceiro trimestre de 2011 e do informe de Tesourería referente ó 4º trimestre de 2011.

Segundo.- Acordar a remisión de ditos informes ós organismos pertinentes ós efectos oportunos de cumprimento da vixente lexislación.

8.- APOIO Á ACD PENALBA-COLECTIVO CHILINDRÍN DE CELEIRO PARA A DECLARACIÓN DA FESTA DA MERLUZA DO PINCHO DE CELEIRO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Vista a solicitude da Asociación Cultural e Deportiva Penalba-Colectivo Chilindrín ós efectos de que por parte do Pleno se acorde o apoio a dita asociación para a declaración da festa da merluza do pincho de Celeiro como festa de interese turístico de Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que na Comisión Informativa se dictaminou favorablemente por unanimidade.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Apoiar á ACD-Penalba-Colectivo Chilindrín de Celeiro para a declaración da festa da merluza do pincho de Celeiro como festa de interese turístico de Galicia.



Segundo.- Notificar este acordo á ACD-Penalba-Colectivo Chilindrín de Celeiro.

9.- FIXACIÓN DE DOUS DÍAS FESTIVOS NO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O ANO 2013.

Visto o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar no que se indica ó Concello que debe sinalar antes do 30 de setembro os dous días que se fixen como festas locais no Concello de Viveiro para o ano 2013.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que na Comisión Informativa por unanimidade se acordou fixar como días festivos en Viveiro para o ano 2013, o martes de carnaval e San Roque, polo tanto os días 12 de febreiro e 16 de agosto.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Fixar como días festivos no Concello de Viveiro para o ano 2013 os seguintes:

- ⇒ Día 12 de febreiro (martes de carnaval).
- ⇒ Día 16 de agosto (San Roque).

Segundo.- Notificar dito acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

10.-ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO POSTO CON REFERENCIA F2 DA PRAZA MUNICIPAL DE ABASTOS DE VIVEIRO, RESERVADO PARA A VENDA DE PRODUCTOS DE FROITERÍA.

Visto o expediente tramitado neste Concello en orde á concesión administrativa do posto con referencia F2 da praza municipal de abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería.

Visto que na sesión celebrada polo Pleno da Corporación en data 31 de maio de 2012 se aprobou o proxecto e prego de cláusulas que serviron de base para a concesión administrativa, sometendoos a información pública durante trinta días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, outorgando dito prazo para a presentación de ofertas.

Visto que durante o devandito prazo se presentou unha única oferta, por parte de D. José Luis Penabad Díaz.

Visto que na Mesa de Contratación de data 1 de agosto de 2012 se procedeu á apertura da oferta presentada, comprobando que se ofertaba un prezo de 201,50 € mensuais, IVE engadido, e un prazo de concesión de 20 anos.

Visto que tras o oportuno requerimento o adxudicatario proposto pola Mesa de Contratación, presentou ante o Servizo de contratación, en data 17 de agosto de 2012, a documentación requirida.



Vistos os informes de Secretaría e Intervención.

Vista a proposta do encargado do Departamento de Intervención.

Visto que na Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente se dictaminou favorablemente a proposta de adjudicación da concesión administrativa referida ó adxudicatario proposto pola Mesa de Contratación, D. José Luis Penabad Díaz.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Adjudicar a “concesión administrativa do posto con referencia F2 da Praza Municipal de Abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería” a D. José Luis Penabad Díaz, con DNI 33860080D, por un prezo mensual de douscentos un euros con cincuenta céntimos de euro (201,50€), e por un prazo de concesión de 20 anos.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó adxudicatario, así como ó Departamento de Intervención e Servizo de Contratación para a formalización do correspondente contrato, que deberá recoller todos os extremos contidos no proxecto e prego de cláusulas.

11.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. PARA INICIAR O PROCESO DE CESIÓN DE LOCAIS PARA OS XULGADOS DE VIVEIRO.

Vista a moción da Alcaldía en orde a iniciar o expediente para ceder ós Xulgados de Viveiro os seguintes locais de titularidade municipal:

- Inmable sito na Rúa Alonso Pérez, 50, Viveiro: Planta Baixa, 3 locais cun total de 37 m²; Primeira Planta, actualmente utilizado pola biblioteca, cunha superficie útil de 175 m²; Entreplanta, actualmente ocupada polo Arquivo Municipal, con 180 m² útiles; e o Garaxe-Almacén, cunha superficie de 180 m².

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que na última visita do Consellerio de Xustiza, plantexou dificultades do Xulgado para facer correctamente o seu traballo, polo que a proposta é ceder os locais sinalados. Apunta respecto ós que agora ocupa a Biblioteca que a finais de outubro está previsto trasladar todo para o antigo Concello e o arquivo municipal que está na entreplanta trasladalo ós baixos do Concello e dos baixos subilo ó baixo cuberta, o que conleva un custo que haberá que prever. Apunta que isto é unha oferta que se realiza ó Ministerio de Xustiza, indicando que cando se resolva a lei de planta xudicial Viveiro podía atender a unha posible ampliación de xulgados, por iso e bo ampliar agora e prever para mañá.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, sinalando que o seu grupo está a favor da colaboración con outras Administracións Públicas, considerando necesaria esta proposta para seguir sendo cabeceira do partido xudicial. Solicita crear unha Comisión para que entre todos os grupos municipais de Viveiro consigan manter a sede en Viveiro.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo apoia esta proposta, pero que non lles queda claro se se trata dunha oferta ou se xa se vai ceder directamente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo está de acordo, que xa presentaran unha moción pra non perder a sede xudicial.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que acepta incluír nesta proposta que todos os grupos constitúan unha Comisión e se o creen necesario inviten ós sectores afectados neste tema e podan incorporarse. Di que falar de iniciación é porque cando se cede a outra parte interesada ten que estar de acordo. Apunta que tiña a idea de realizar a cesión directamente, pero que os técnicos lle indicaron que 1º se debía facer unha proposta para ver si o Ministerio estaba de acordo.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Iniciar o expediente para ceder ós Xulgados de Viveiro os seguintes locais de titularidade municipal:

- Inmóble sito na Rúa Alonso Pérez, 50, Viveiro: Planta Baixa, 3 locais cun total de 37 m²; Primeira Planta, actualmente utilizado pola biblioteca, cunha superficie útil de 175 m²; Entreplanta, actualmente ocupada polo Arquivo Municipal, con 180 m² útiles; e o Garaxe-Almacén, cunha superficie de 180 m².

Segundo.- Crear unha Comisión composta por un representante de cada grupo político municipal coa finalidade de seguir mantendo a sede xudicial en Viveiro.

12.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. SOBRE O PORTO DEPORTIVO DE VIVEIRO REFERENTE Á XESTIÓN ENTRE O PERÍODO DE XUÑO DE 2010 A MARZO DE 2011.

Vista a moción da Alcaldía na que se sinala que Portos de Galicia liquidou ó Concello as cantidades por canon de ocupación de dominio público durante o período comprendido entre o 22/06/2010 e o 30/03/2010, e dende o 22/06/2010 o Porto Deportivo foi xestionado por Portos de Galicia, polo que propón solicitar a Portos de Galicia que se dea traslado a este Concello de todos os ingresos económicos referentes ó Porto Deportivo de viveiro, obtidos durante o período 22/06/2010 a 30/03/2011 e solicitar tamén a dito ente a anulación de todas as actuacións administrativas e de xestión realizadas durante dito período, tendo en conta que durante o mesmo se continuou liquidando o canon correspondente ó Concello de Viveiro.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que Portos de Galicia factúralle ó Concello 87.000 euros pola ocupación de dominio público entre xuño de 2010 e marzo de 2011, cando o 22 de xuño de 2010 lle retirou a concesión ó Concello. Di que se o Concello para a concesión do terreo público terá que recaudar o que se cobrou nese período ós amarres e ós distintos servizos que se deron. Apunta que todas as actuacións administrativas de cambio de amarres e prohibición de utilización do aparcamento teñen que ser nulas porque pagou o Concello e recuada a Xunta. Indica que se dende xuño a marzo pagou o Concello tería que recaudar o Concello e calquer acto adminis-



trativo dese período queda sen efecto porque o que manda que ten que ser o que paga non adoptou ningunha resolución.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño, para dicir que coa 1º parte da moción sí están de acordo, pero coa 2ª non. Di que se o diñeiro se pagou hai que recuperalo, polo que a moción sería recuperalo. Apunta que outro tema sería plantexar un contencioso a Portos de Galicia si se está seguro de que a rescisión foi contra a legalidade vixente. Reitera que o seu grupo está de acordo en pedir que se revirta o diñeiro cobrado indebidamente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo apoia a moción, e reitera que ademáis tamén cobran pola “Pomba”, tratándose dun barco museo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo tamén vai apoiar esta moción. Recorda que fora algo semellante a un hurto ós veciños, e que o seu grupo xa presentou unha moción en data 27/10/2011 para que se deixara deserto o concurso, e finalmente quedou, pero Portos de Galicia non quere que sexa Viveiro quen o xestione. Di que se sacou a concurso en agosto, e que non se sabe como quedará. Apunta que queren deixar claro que non se levaron a cabo os compromisos que se adquiriron publicamente que era que se fixesen as xestións necesarias para recuperar a concesión se quedaba deserto o concurso e quedou.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que non está de acordo o P.P. en que queden nulas as actuacións realizadas nese período, e aclara que se pide porque o Consello Consultivo deixou sen efecto a partir do 22 de xuño de 2010 xa que a Xunta contestou pasados os tres meses que marca a lei de Portos porque o Director Xeral pensou que tiña seis meses para contestar coma no Estado. Apunta que foi a Xunta a que dixo que quedaba sen efecto a xestión entre xuño e marzo, así que se foi o Consello Consultivo o que di que queda sen efecto, todos os actos administrativos tamén teñen que quedar sen efecto. Apunta que en canto ó tema do cobrado pola “Pomba” apuntado por D. Bernardo Fraga Galdo se incorpora á moción. Di, que respecto ó manifestado por D. Guillermo Leal Arias, recorda que os portavoces dos catro grupos en reunión cos afectados no casino colleron ese compromiso, polo que di que convocará un pleno en quince días para dar cobertura a ese compromiso.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño para solicitar a votación por separado dos dous puntos da moción.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que a votación se fará conxunta de toda a moción.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e i.V.i, e 6 votos en contra correspondnetes ó grupo do P.P.:

Primeiro.- Solicitar a Portos de Galicia que se dea traslado a este Concello de todos os ingresos económicos referentes ó Porto Deportivo de Viveiro, obtidos durante o período 22/06/2010 a 30/03/2011.



Segundo.- Solicitar a Portos de Galicia a anulación de todas as actuacións administrativas e/ou de xestión realizadas durante o referido período, tendo en conta que durante o mesmo o ente mencionado continuou liquidando o correspondente canon ó Concello de Viveiro.

Terceiro.- Solicitar a Portos de Galicia se proceda ó reintegro do abonado pola “Pomba” por tratarse dun barco museo.

13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. CONTRA AS MEDIDAS ECONÓMICAS E REFORMA DO RÉXIME LOCAL DO GOBERNO DO P.P.

Vista a moción do grupo municipal do B.N.G. na que se propón adoptar o acordo de rexeitar as medidas de reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do P.P. do Estado en canto invade as competencias propias de Galicia, non soluciona os problemas de financiamento e ataca a autonomía municipal dos Concellos de menos de 20.000 habitantes, rexeitar a redución do número de concelleiros e concelleiras, demandando a supresión das Diputacións Provinciais e manifestando a oposición a cargar contra os funcionarios a crise económica.

Intervén o Sr. Alcalde para concederlle a palabra a D^a. Olaia Casas Chaves, do grupo do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D^a. Olaia Casas Chaves procedendo á lectura íntegra da moción.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para dicir que entre as reformas estruturais que o goberno se comprometeu a levar a cabo está a de eliminar duplicidades. Di que Autonomías como a galega teñen recoñecidas competencias na reordenación municipal, polo que Xunta e Concellos deberán ser escoitados, teñen a metade dos núcleos de poboación do Estado. Apunta que os Concellos hoxe prestan máis servizos dos que lles corresponde, cun financiamento insuficiente, indicando que o obxectivo é reformar as Administracións Públicas e mellorar a economía, buscando a eficiencia. Di que o P.P. de Galicia pide que haxa espazo para as matizacións, e que xa a FEGAMP deu pasos firmes no tocante a que as retribucións nas corporacións locais fosen axeitadas á poboación e ós orzamentos. Sinala que é preciso o diálogo cos Concellos e coa Xunta, e que para o P.P. de Galicia as retribucións teñen que ser transparentes e consonte ós orzamentos, polo que considera que esta reforma é pertinente. Afirma ter a convicción de que será respetuosa coas características de Galicia, polo que o seu grupo non está de acordo coa moción, xa que defenden esta reforma.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que van apoiar a proposta do B.N.G. e todos os que están aquí saben o que lles costa ós Concellos a austeridade da Xunta. Apunta que gracias a esa austeridade, os que viven en Ferrol cústalles ir ó conservatorio 161 euros porque asume a Xunta a súa competencia. Pero en Viveiro cústalle ó veciño 700 euros e ó Concello 1.300 euros, e se subiran as taxas eran 2.000 euros por alumno, polo que a austeridade da Xunta leva a que o Concello asuma nesta materia un déficit de 600.000 euros, así eles recortan e nós endebedámonos. Apunta así mesmo que a axuda no fogar supón un déficit de 290.000 euros, para seguir mantendo unha axuda ós veciños de Viveiro como os que vivan en Concellos de máis de 20.000 habitantes, e iso para os ignorantes que se preguntan de onde ven o déficit de Viveiro. Indica tamén que custan uns 307.000 euros os Colexios de Viveiro, cando se trata dunha competencia da Xunta, e dentro



desa cantidade hai que incluír luz, conserxes, comedores, limpadoras,... Así, dí, esa é a austeridade da Xunta, eles non pagan e nós endebedámonos. Así ata 1.500.000 euros de déficit neste Concello por competencias que non son propias pero que hai que prestar para os veciños, polo que o seu grupo vai apoiar esta moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo vai apoiar a moción, aínda que non comparten toda a moción, e respecto ós acordos consideran que habería que facer moitas salvedades, que se van adoptar uns acordos que non van a servir para nada, xa que se trata dunha reforma a aprobar polo goberno do Estado. Di que igual habería que suprimir concellos porque algúns non teñen sentido e algúns alcaldes cobran unhas cantidades moi altas. Ademáis creen que haberá que ter unhas competencias concretas e non poder facer nada máis, considerando que nunca se piden responsabilidades ó que goberna e despilfarra e iso tiña que estar moi regulado e recollido, porque non se deben facer gastos ilóxicos. Apunta que a redución de concelleiros interesa ós partidos maioritarios, pero non lles interesa reducir na Xunta e o Estado, pois podíanse reducir Diputados e Senadores e aforrariáse unha cantidade importante, pero con isto o que se fai é eliminar ós grupos pequenos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para dicir que o que sinalou o Sr. Guillermo Leal Arias é precisamente o que intenta solucionar esta reforma, sinalando que o goberno do P.P. aprobou unha lei fai pouco que esixe responsabilidades a quen goberna.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que vai intervir sobre cargos públicos e salarios, e di que cando empezaron no 2003 lles chamaban tontos vendo os salarios que cobraban os do lado, e indica que o que está colgado na páxina de facenda algún do P.P. non o aplicou, que é superar o 0,6% do orzamento, e algún alcalde do P.P. da Mariña dixo que él por 600 euros non traballaba. Pero isto tampouco pode levar a caer en que quen se dedique ó público non ten que cobrar, porque tampouco é así, tamén defende que quen traballa ten dereito a obter un salario igual ou similar ó que tiña na súa actividade privada, porque senón gobernarían só os ricos.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e i.V.i, e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P.:

Primeiro.- Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do P.P. do Estado en canto invaden as competencias propias de Galicia, non solucionan a falla de financiamento que sofren os Concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes-amplísima maioría dos concellos galegos-potenciando ás deputacións provinciais.

Segundo.- Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiros e concelleiras non perciben retribucións económicas.

Terceiro.- Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.



Curto.- Manifestar a nosa oposición a cargar sobre os funcionarios e funcionarias públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte na prestación ó desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que perxudicará gravemente ó comercio e á actividade económica local.

14.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA IMPEDIR A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012.

Vista a moción do grupo municipal do B.N.G. na que se propón manifestar o rexeitamento ás medidas reguladas polo Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, así como rexeitar a decisión de impor ós empregados e empregadas públicos novas perdas de poder adquisitivo, compensando a perda deste poder adquisitivo instando á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

Intervén o Sr. Alcalde para concederlle a palabra a D. Bernardo Fraga Galdo, do grupo do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, procedendo á lectura íntegra da moción. Indica posteriormente que con esta norma o comercio sufrirá, agravado ademais pola suba do IVE, tratándose dunha imposición que nos concellos socaba a autonomía local por ter que adoptar medidas inxustas. Apunta que nada indica que con esta medida se contribúa á reactivación económica, resultando ser o contrario, resta poder adquisitivo, agravando a crise ó reducir o poder de adquisición e compra. Sinala que esta medida que propoñen ó Pleno xa foi aprobada en varios concellos, nalgúns casos existiron informes en contra, pero un exemplo claro, di, é Pontevedra, no que o Interventor realizou os cálculos pertinentes e se compensou ós traballadores a través do complemento de produtividade, realizando un estudo sen incrementar a masa salarial do 2011.

Intervén a Secretaria Municipal para indicar que existe un informe dos servizos xurídicos da Deputación Provincial de Lugo desfavorable á compensación da paga extra de nadal ós empregados públicos, informe que se comparte dende a Secretaría Municipal, indicando que en dito informe se fai referencia á data do devengo de paga extra e se analiza no mesmo, do que todos os grupos teñen copia, sobre a posibilidade ou non da percepción da parte proporcional correspondente ó período anterior á entrada en vigor do Real Decreto, non conluíndose nada ó respecto nas conclusións do informe, facendo fincapé en que non pode procederse ó abono da paga extra de nadal nin aplicarse fórmulas compensatorias, compartíndose este informe pola Secretaría Municipal.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil indicando que nesta proposta o grupo do B.N.G. califica a política do P.P. como errática política económica, e di que estes calificativos hai que atribuírlos ó desfase do goberno de Zapatero, xa que agora hai que facer fronte a moita débeda acumulada, ó Plan E, ós buracos de fomento e sanidade, a parte de metir sobre o déficit, apuntando que o B.N.G. foi cómplice destas políticas, xa que apoiou os orzamentos do P.S.O.E. en Madrid. Di que no último goberno bipartito da Xunta de Galicia quedaron dous mil millóns de euros de buraco, polo que agora terá que se o P.P. o que remate coa crise, e conseguira, ó igual que no ano 1996. Sinala que agora pretenden que o P.P. solucione en 10 meses a desfeita de 8 anos, polo que isto leva ó P.P. a tomar medidas desagradables pero imprescindibles e moi



necesarias, comentando que a festa do despilfarro se acabou e agora hai que pagala, polo que se adoptan medidas temporais para unha situación temporal.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que un goberno do Partido Popular toma entón medidas impopulares, di que lle vai entregar ó portavoz do P.P. e á prensa as obras que se fixeron en Viveiro co Plan E da época de Zapatero e que a pé de páxina dirá que o Sr. Bouza Rodil estaba en contra da súa realización, dicindo que esas obras foron realizadas coas políticas erráticas do Plan Zapatero, e di que non pode falar de políticas erráticas cando hai unha persoa que é fillo adoptivo de Viveiro que gañaba un millón de euros ó ano, e ben sabe de quen lle está a falar e polo tanto non pode xustificar recortes ós funcionarios e traballadores cando hai cen mil millóns para a banca, comentándolle ó portavoz do grupo municipal do P.P. que non fala, que le, e cando se fala dise o que se pensa, pero cando se le dise o que mandan. Apunta que está de acordo co B.N.G. e sinala que a paga extra dos traballadores do Concello de Viveiro custa 175.000 euros e a nota de Facenda di que ese diñeiro non se pode gastar, non se pode tocar ata o 2015, para un plan de pensións, polo que consta como gasto. Di que o que importa é reducir o déficit dos concellos e mandar a carta a Europa. Di que os Concellos se teñen que pagar hai que poñer 340.000 € porque os 170.000 € inmovilízanos ata o ano 2015, non se pode usar nin pagar débedas porque se prohíbe. Di que os traballadores non reciben o diñeiro, e o balance vai dar un 3% menos de déficit, polo que apoiarán a moción do B.N.G., e pide que onde se di Alcaldía e Xunta de Goberno Local, se diga se economicamente é posible porque non se pode duplicar unha paga extra.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que admite a modificación proposta polo Sr. Alcalde.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que tamén apoian esta proposta, pero que ven difícil que economicamente sexa posible.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para revatir as afirmacións do Sr. Bouza Rodil, dicindo que non pode ter responsabilidades o B.N.G. de ningunha política do goberno de Madrid, porque tiña dous deputados, que votaban a favor duns orzamentos se os consideraban apropiados, que a responsabilidade disto si pode ter a orixe na burbulla económica, da que non é culpable o B.N.G. Apunta que co bipartito da Xunta de Galicia a débeda era de tres mil oitocentos millóns de euros e agora é de sete mil millóns de euros, polo que a Xunta actual duplicou a débeda.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e i.V.i, e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P.:

Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo.

Segundo.- Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e ós empregados públicos, particularmente ós vinculados ós Concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no Concello e no tecido económico local.



Terceiro.- Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

Cuarto.- Levar a cabo estas medidas de compensación sempre e cando existna recurso suficientes para elo.

15.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA GARANTIR A SEGURIDADE DAS VECIÑAS E VECINOS DE VIVEIRO NA ESTRADA LU-862 Ó SEU PASO POLA CASANOVA.

Vista a moción do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, na que se propoñía instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a mellorar as condicións de seguridade da LU-862 ó seu paso pola Casanova en Celeiro, solicitando a modificación da sinalización vertical no cruce de acceso á Atalaia, sentido Viveiro e trasladar a sinalización de limitación de velocidade a 50, uns cen metros en dirección a Area e a colocación dalgún tipo de elemento que obrigue a reducir a velocidade dos usuarios da estrada ó seu paso pola Casanova, dando traslado do acordo ós grupos parlamentarios do Parlamento Galego para o seu coñecemento.

Intervén o Sr. Alcalde para concederlle a palabra a D. Bernardo Fraga Galdo, do grupo do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, que procede á lectura íntegra da moción. Indica que na mesma se pedía un sinal de 50, o que hai que retirar da moción porque xa está colocada, pero a moción estaba presentada con anterioridade.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino Valentín García Paz para dicir que se nota que hai ambiente preelectoral, que a moción do B.N.G. lle gusta porque fala da seguridade, e persoalmente ten interese neste tema. Indica que toda moción ten dúas partes, a exposición de motivos e o acordo, e engade que o P.P. vai apoiar a moción e terá que ser a Consellería a que analice se o solicitado é viable ou cal é a mellor opción. Respecto á exposición de motivos di que lle chama a atención que se manifeste que despois de numerosos retrasos para a súa execución, xa que sinala que o retraso xa o provocou anteriormente o goberno bipartito da Xunta. Di que cumpriu coa normativa nos pasos elevados, que considera tamén obstáculos, e que a Xunta no 2010 correxiu todo o que se chamaba o “socabón” e no 2011 fíxose a obra. Apunta que no resto sí están de acordo, que hai unha mención a un carril secundario que ve xusto dentro da normativa de tráfico, pero recorda que hai vivendas a ambos lados. Respecto ó reductor de velocidade apunta que están de acordo, pero que apostaría mellor por reductores como en Landrove. Indica que lle gustaría aportar algo máis para enriquecer a moción e apunta que lle chamou a atención que dende o ano 2002 ata a data actual houbo varios accidentes, de 12 a 13 accidentes en 10 anos. A enmenda que se propón é que no 1º punto do acordo se engada “cun panel que indique risco de accidentes en 2,5 km. Dende 100 metros antes do cruce de Celeiro a 100 metros despois de Area, polo tanto entre os km. 86,5 e 89 da LU-862, apuntando que se non se acepta a enmenda van votar igual a favor.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G. para dicir que non o aclaraba porque entendía que deben ser os técnicos quen establezan os tipos de sinais de redución de velocidade, pero si se pode engadir o do panel, sen indicar en que tramo.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para explicar cando se puxo o sinal de 50. Así indica que o mesmo día do accidente o concelleiro D. Jesús Cal chamou ó Director Provincial de Estradas para comentarlle este tema e foi cando se colocou o sinal de 50. Di que están de acordo con todas estas medidas e que se alegra de que o P.P. fale de que sexan necesarios elementos que limiten a velocidade, porque fai 5 anos plantexaba o P.P. que os “melchores” perxudicaban a taxis e camións. Di que a van apoiar, e reitera que o concelleiro D. Jesús Cal chamou o mesmo día do accidente a D. Gerardo Pallares e ata o de agora sempre atendeu ás reclamacións que él considerou lóxicas para Viveiro, e trátase dun cargo do P.P. Considera que hai que tomar as medidas necesarias para circula coa maior seguridade posible.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que está totalmente de acordo con esta proposta e apunta que se podía mirar de facelo extensible a outras zonas do Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que non coñecía esa xestión realizada polo concelleiro D. Jesús Cal, do que lle da as grazas publicamente. Apunta que a concellería de obras intentou porse en contacto varias veces con Gerardo Pallares para a mellora de beirarrúas e non foi posible, aínda que afirma que maioritariamente atende as chamadas.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a mellorar as condicións de seguridade da LU-862, ó seu paso pola Casanova en Celeiro cun panel que indique risco de accidentes.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a modificación da sinalización vertical no cruce de acceso á Atalaia, sentido Viveiro, e a colocación dalgún tipo de elemento que obligue a reducir a velocidade dos usuarios da estrada ó seu paso pola Casanova.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego para o seu coñecemento.

16.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A ELIMINACIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA DE NADAL ÓS EMPREGADOS PÚBLICOS.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para indicar que se retira o punto 1º da moción, no que se propoñía que o importe correspondente á paga extra de nadal dos empregados municipais se destinase á amortización da débeda municipal. Di que o 2º está previsto por lei, á vista do informe da Deputación Provincial de Lugo. Neste 2º punto da moción propoñíase que o mencionado importe se reservase nunha conta blindada, que no momento que a lei o permita, sexa destinado a formar parte dos plans de pensións dos empregados municipais.



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para pedir que se retire a moción completa, ó estar o 2º punto xa recollido pola lei.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que o 2º punto non se retira.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que o diñeiro ata o 2015 non vai ó plan de pensións e considera que se trata dun engano ós empregados públicos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para anunciar o voto en contra do seu grupo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para anunciar o voto a favor do seu grupo.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose rexeitar a moción presentada polo P.P. por 9 votos en contra correspondentes ós grupos do P.S.O.E e B.N.G, e 8 votos en a favor correspondentes ós grupos do P.P. e i.V.i.

17.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A URXENCIA DA APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS 2012.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. na que se propón que o grupo de goberno traiga ó Pleno para o seu debate e aprobación o proxecto de orzamentos correspondentes ó exercizo 2012, no prazo máximo dun mes hábil, é dicir antes do 19 de outubro de 2012, e que no suposto de incumprimento do acordo do 1º punto por parte da alcaldía, sexan facilitados ó resto de grupos que así o desexen, por parte dos funcionarios municipais, todos os datos contables necesarios, ó obxecto de poder elaborar e presentar uns orzamentos para o presente exercizo.

Intervén o Sr. Alcalde para concederlle a palabra a Dª. Cándida Méndez Salgado, do grupo do P.P.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., Dª. Cándida Méndez Salgado, que procede á lectura íntegra da moción.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que hai membros do grupo do P.P. que asisten á Comisión de Facenda e que saben que nin as contas do 2010 nin do 2011 estaban presentadas por Intervención, e polo tanto como se van elaborar os orzamentos do 2012 estando sen presentar as do 2010 e 2011. Di que a Xunta de Galicia propón unha sanción de falta grave para o anterior Interventor, por non presentar as contas. Así, apunta, non é viable elaborar uns orzamentos sen coñecer eses datos. Afirma que se presentou hoxe a liquidación do ano 2011 polo Interventor accidental. Indica que cando se acabou de presentar o Plan de Saneamento, este é o único Concello en Galicia e España que tivo que realizar o Alcalde o Plan de Saneamento e asinar porque o Interventor non o presentara. Di que ó rematar o Plan de Saneamento os técnicos municipais e a interventora por acumulación estiveron traballando para poder presentar a liquidación do 2011, incluso esta última en período vacacional, e dixeron que había que elixir, ou se presentaba a liquidación ou se fa-



cían os orzamentos, porque todo non era posible. Así, sinala, que se non se presentaba a liquidación do 2011 perdíanse 187.000 euros mensuais e ata cerca de un millón de euros de subvencións que resultarían rexeitadas por non ter presentada a liquidación do orzamento, polo que calquer alcalde decidiría que primeiro se presentasen as contas. Apunta que atopou uns orzamentos de 1990 do P.P. e o concelleiro de I.U. abandonou o Pleno porque lle entregaron eses orzamentos o mesmo día que os pasaban a Pleno, polo que invita ó grupo do P.P. a que revise todos os orzamentos presentados polo P.P. en tempo e forma. Di que agora vai proceder a dar a aclaración legal deste tema, apuntando que o artigo 168 TRLRHL di que o orzamento será formado polo Presidente, non polo Pleno polo que apunta que traen esta proposta cando saben que é ilegal que o Pleno traiga orzamentos, que o artigo 169 di que a probación se realizará antes do 31 de decembro, polo que se ó P.P. lles importasen os orzamentos de Viveiro, esta moción tiña que traerse antes do 31 de decembro do ano pasado. Apunta que no Real Decreto 500/1990 tamén di que o orzamento se considera automaticamente prorrogado e nese momento non se dixo nada, polo que veñen tarde, mal e arrastro. Di así mesmo, que ata o 31 de agosto deste ano, grazas ós técnicos municipais que fixeron todo o posible para realizar a liquidación do 2011 non se coñecían os datos da mesma para poder ter unhas previsión correctas para o 2012, a non ser que se faga como o P.P. que presenta uns orzamentos pola mañá para aprobalos pola tarde. Di que co voto en contra do P.P. pagaron todas as débedas do P.P. mediante o plan de pago a provedores, e nese plan de axuste obrígasenos a realizar uns orzamentos para o 2013, e eses son os que agora se están realizando e para informe dos técnicos, polo que apunta que terán que aprobar os do 2013 porque os do 2012 xa existen, e nin o grupo do P.P. nin ninguén presentou antes do 31 de decembro do 2011 ningunha moción, e a lei xa di que se no están nesa data se prorrogan. Afirma que se agora se pon a facer a facer os orzamentos do 2012 caería na trampa do P.P. en afogar a ete Concello porque no cumpriría co Plan de Saneamento, e éste non obriga a aprobalos senón a presentalos e vanse presentar agora os do 2013, afirmando que se foi de testigo a xuízos de obras que se fixeran e non se aprobaran as facturas, e indo de tetigos tiñan moita memoria e recordban que se fixeran eses traballos, pero non se aprobaron.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo pra dicir que está de acordo co P.P. e que van facer enmendas, e é que se fagan os orzamentos do 2013, porque agora sería unha perda de tempo facer os do 2012, e que a data límite se pase a outra posterior ás eleccións.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Cándida Méndez Salgado para dicir que acepta a enmenda do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que para elaborar os orzamentos do 2012 chegaba coñecer as contas do 2010.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que presenta unha proposta transaccional porque considera que os orzamentos do 2012 agora son extemporáneos e estaríase con partidas con cantidades que non se poderían plantexar.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Cándida Méndez Salgado para dicir que acepta que a proposta sexa para elaborar os do 2013 e que a data límite se poña antes do 25 de outubro.

Intervén o Interventor Accidental para dicir que antes desa data non ten tempo material para realizalo e que a lei di antes do 31 de decembro, polo que non terían porque aprobarse antes.



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que os datos que se queiran revisar xa están sempre a disposición dos grupos e senón que diga algún grupo se algunha vez se lle negou o acceso a información.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño para dicir que ó seu grupo se lle pon un guardián.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que os documentos públicos ten que haber un persoal do concello que vexa que dos expedientes non se retira nada de documentación, e que incluso o rexistro moitas veces estivo paralizado precisamente polo acceso a datos do P.P., e que nunca se negou o acceso a nada, procedendo a preguntar á Secretaria Municipal se algunha vez se negou o acceso a documentación a algún grupo.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que non.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. César Aja Mariño para dicir que antes houbo máis secretarios.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para pedir que se reterse ata o 31 de decembro por petición do Interventor, e porque a lei é o prazo que establece.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Que o Grupo de Goberno traiga a este Pleno para o seu debate e aprobación o proxecto de orzamentos correspondentes ó exercizo 2013, antes do 31 de decembro de 2013.

Segundo.- Que no suposto de incumprimento do acordo do primeiro punto por parte da Alcaldía, sexan facilitados ó resto dos grupos que así o desexen, por parte dos funcionarios municipais, todos os datos contables necesarios, ó obxecto de poder elaborar uns orzamentos para o presente exercizo.

18.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. CONTRA A ELIMINACIÓN DAS OFICINAS LIQUIDADORAS.

Vista a moción do Grupo Municipal do i.V.i. na que se propón instar á Xunta de Galicia a revocar a súa determinación de eliminar a oficina liquidadora de Viveiro, e todas as de Galicia, para seguir realizando as súas funcións de oficinas liquidadoras nos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas e instar ós alcaldes de cada unha das localidades que comprenden a demarcación da oficina liquidadora de Viveiro, para invitar a que os seus Concellos se asumen esta reivindicación, así como solicitar á Deputación Provincial de Lugo o seu apoio.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, que procede á lectura íntegra da moción. Di que o 6 de setembro o presidente da xunta xa dixo que só faltaba a aprobación definitiva, pero a moción presentárase xa en agosto.



Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que as oficinas liquidadores teñen dúas funcións, presentación de documentación e liquidacións dos impostos de ITPAXD e imposto de sucesións e donacións. Di que entre a Consellería de Facenda e os rexistradores se suscribían convenios para sufragar os custos dos rexistradores, agora preténdese aforrar neses custos, e as oficinas liquidadoras pasarían a funcionar só como oficinas de presentación de todo tipo de documentos, e o único que non se faría sería a liquidación do imposto, reducindo os custos en seis millóns de euros. Di que ademais na actualidade se utiliza cada vez máis a presentación telemática. Apunta que a Consellería lles ofreceu ós rexistradores prestar este servizo e pola rebaixa do soldo negáronse, estándose a negociar agora cos notarios. Poden presentarse ahí, asesorarse por vía telefónica, e así non se reduce a calidade do servizo, pero sí os custos.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que votarán a favor.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., Bernardo Fraga Galdo para dicir que votarán a favor.

Intervén en representación do grupo municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que hai contradicción entre as cuantías que di Feijoo que se van aforrar e as que di de Olano. Comenta que moita poboación non ten capacidade para presentar algún tipo de imposto telemáticamente xa que resulta complicadísimo, polo que afirma non entender o de achegar o servizo ós cidadáns, e os rexistradores non están pola labor de facer de valixas e están buscando outro tipo de axentes de presentación como os notarios, que tampouco estarán pola labor, así que o que se aforre vai haber que gastalo porque hai que crear máis Administración, e o contacto directo á hora de resolver dúbidas é moito mellor que o telefónico, a parte de ser un servizo que funcionaba ben, cunha historia de máis de 150 anos.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que o señor de Muras pode vir presentar aquí a documentación, igual que sucede agora, apuntando que cada vez se tende máis á presentación telemática, estando garantida a presentación e a información.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose por 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G e i.V.i e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P.:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a revogar a súa determinación de eliminar a oficina liquidadora de Viveiro, e así mesmo todas as de Galicia, para seguir realizando as súas funcións de oficinas liquidadoras nos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios.

Segundo.- Instar ós alcaldes de cada unha das localidades que comprenden a demarcación da oficina liquidadora de Viveiro, para invitalos a que os seus Concellos se sumen a esta reivindicación, pois eles tamén son perxudicados.

Terceiro.- Solicitar así mesmo o apoio da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

19.- DACIÓN DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL.



Dase conta dos seguintes escritos:

Escrito da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, no que se comunica a recepción do acordo adoptado polo Pleno o 28 de novembro de 2012 en relación coa violencia de xénero, manifestando a dispoñibilidade para cantas cuestións surxan en dito ámbito dentro das súas competencias.

Escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras referente á moción sobre vivendas do barrio do Celeiriño, comunicando que a declaración de emerxencia contemplaba en relación co resto de vivendas afectadas que a Consellería de Vivenda e Solo daquel entón sufragaría os gastos de rehabilitación das mesmas ata un máximo de 30.000 euros a través do programa da cédula de rehabilitación de calidade, non tendose solicitado ditas axudas. Agora este programa está derogado e dende o IGVS indican que se ofreceu a posibilidade de declarar unha Área de Rehabilitación integral no ámbito do barrio do Celeiriño.

20.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que non contestará a todas as preguntas por mor de falta de tempo, que contestará só a dous dos escritos de preguntas presentados e ó resto contestará por escrito.

1.- Deste xeito procédese á contestación das preguntas presentadas polo grupo municipal do P.P. en data 21 de agosto de 2012 (Nº rexistro 7.085):

¿Cándo se lle outorgou á empresa INMOXERIÓN S.L. a cédula de primeira ocupación?

¿Qué persoa ou qué órgano outorgou dita cédula de habitabilidade?

Dado que a licenza de obra está denunciada e admitida a trámite por posible concesión ilegal ó haber sido outorgada cos informes técnicos e xurídicos en contra ¿Cómo se outorga unha cédula de primeira ocupación para unha obra cuxa licenza pode ser declarada ilegal?

Contesta o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas dicindo que nin tan sequera consta no Concello solicitude de licenza de primeira ocupación, polo que non está outorgada.

2.- Procédese en segundo lugar a dar contestación ás preguntas presentadas polo grupo municipal do P.P. en data 17 de xaneiro de 2012 (Nº de rexistro 7.025):

¿Cál é o motivo polo cal a franxa situada entre os edificios de Verxeles e a carretera da Variante non é a día de hoxe concesión municipal?

¿En qué fase está o mencionado expediente?

¿Cándo prevé o alcalde que a franxa mencionada será concesión municipal?

Responde o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, dicindo que en 1º lugar a licenza de obra vai condicionada a que os promotores fagan a urbanización e a entreguen ó Concello, polo que son os promotores os que teñen que facer a urbanización. Di que hai unha licenza de primeira ocupación para parte da edificación, que ía condicionada. Apunta que o Concello intentando buscar unha solución



iniciou no seu momento un proceso con Costas, pero o Concello paralizou esta tramitación ó ver que realmente se violentaba a licenza que establecía esta obriga para os promotores, polo que Blanco e Molineros teñen que facer a urbanización.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño, para formular dúas preguntas:

1.- Respecto ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2012, na páxina 30 da acta figura que por proposta da Alcaldía se remite ó bufete Lois & Lois expte. N° 64 de derivación de responsabilidade, preguntando a qué se refire dito proceso.

2.- A Fonte do Cachón en Fontecoba ¿é pública ou privada?, porque nunha Xunta de Goberno Local solicitárase a autorización por un particular para dita fonte.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 9:00 horas do día 17 de agosto de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.